

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE ABRIL DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezanove de abril de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de abril de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA PROXECTO DE ENERXÍA FOTOVOLTAICA

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Resolución do 7 de marzo de 2024, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega), pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2024, susceptibles de cofinanciamento pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder

2021-2027 (DOG núm. 56, do 19/03/24), e a conveniencia de solicitar unha axuda para substituír unha parte da enerxía eléctrica consumida, da rede nas dependencias municipais, por enerxía de orixe renovable, reducindo deste xeito as emisións de carbono á vez que o custo das facturas eléctricas. Preténdese executar unha planta de xeración fotovoltaica para autoconsumo, na cuberta do pavillón polideportivo municipal, beneficiando, coa enerxía xerada en dita planta, ás seguintes dependencias: Casa do Concello, Centro de Saúde, pavillón polideportivo e Centro Público Integrado (CPI).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Inega unha subvención por importe de VINTE E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (28.749,60 €) para o desenvolvemento do proxecto denominado *“Planta de xeración fotovoltaica de autoconsumo colectivo das dependencias municipais de Rodeiro”*.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica do proxecto, redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Castro García, cun orzamento total de CORENTA E SETE MIL NOVECIENTOS DEZASEIS EUROS (47.916,00 €), IVE incluído.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

3.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNO NO CONCELLO

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación do seguinte alumno en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNO	Diego Arias Reboredo
DNI	██████████
ESTUDOS	Informática de oficina
CENTRO	IES Ramón M ^a Aller Ulloa, de Lalín
NÚMERO DE HORAS	320
DATA DE INICIO	23/04/2024
DATA FINALIZACIÓN	21/06/2024
DEPARTAMENTO	Secretaría
COORDINADOR	Alfonso Doval Cidre, técnico informático

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e o alumno non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as continxencias legalmente esixibles.

Terceiro.- O Concello procederá a efectuar a alta na seguridade social do alumno en prácticas, e o abono das cotizacións correspondentes, de conformidade co esixido na DA 52^a da Lei Xeral da Seguridade Social.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 2.117,50 €
Honorario por confección de memoria técnica descriptiva do Obradoiro de Emprego “Terras de Camba I”, s/factura núm. 33 (FACe).
- MERCAHILBE S.L. 22,31 €
Por subministro de comestibles e produtos de limpeza para o PAI, s/factura núm. 04000002.
- CANGADO S.L. 91,91 € E 104,73 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/facturas núm. R1/000004 e R1/000056.
- ALQUILERES LALÍN S.L. 392,04 €
Por aluguer de maquinaria para obras municipais, s/factura núm. 24/269.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 477,95 €
Por traballos de reparación do abastecemento de auga no lugares de Arcas e Os Vilares, s/factura núm. 08.
- MIGUEL CONDE VALES 145,20 €
Por confección dunha varanda para a carroza de Reis, s/factura núm. S-201800465.
- MIGUEL CONDE VALES 1.362,45 €
Por confección de estantes metálicos para o pavillón polideportivo, s/factura núm. S-201800463.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 3.823,60 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais en diversos lugares do Concello, s/factura núm. 07.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)